

## ENCARGO DE XESTIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO Á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO, MP DA UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A XESTIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES

En Vigo, 29 de abril de 2019

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Rector de la Universidade de Vigo (en diante UVIGO), nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 109, do 8 de xuño de 2018, polo que se dispón o seu nomeamento, de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro (DOG núm. 21, del 2 de febreiro de 2010).

### ANTECEDENTES

**Primeiro.**— Que a UVIGO é unha institución que en cumprimento do disposto na Lei orgánica 6/2001 de 21 de decembro, de Universidades, realiza o servizo público de educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación, tendentes ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.

**Segundo.**- De acordo cos seus estatutos á UVIGO correspóndelle, no marco das súas competencias, a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

Nomeadamente no Artigo 2. Fins, sinala como fins específicos os seguintes: “Ofrecer unha educación superior de calidade que contribúa á formación integral do seu alumnado”; e “Formar para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos, técnicas e métodos científicos ou para a creación artística, cara á inserción do estudantado no mundo laboral”.

Neste marco, A UVIGO considera a realización de prácticas académicas externas como unha ferramenta decisiva para a formación integral do seu estudantado, facilitando deste xeito a súa integración e desenvolvemento profesional e laboral. A UVIGO contempla nos seus planos de estudos as prácticas curriculares, e realiza así mesmo unha aposta por estender a realización de prácticas extracurriculares ao conxunto do estudantado que lles permiten achegarse á realidade empresarial el laboral. A tales efectos a UVIGO aproba en Consello de Goberno de 24 de maio de 2012 o “Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo”, así como dita as instrucións correspondentes para a xestión das prácticas académicas externas.

O artigo 5.1 do citado regulamento sinala que “A tramitación, xestión e difusión das prácticas externas extracurriculares poderá ser delegada pola Universidade de Vigo nunha entidade xestora mediante o correspondente convenio”

**Terceiro.-** A efectos de acadar obxectivos de formación e empregabilidade , resulta necesario abordar do xeito máis eficaz e eficiente posible a xestión das prácticas académicas extracurriculares, achegando a universidade ao sector socio-económico próximo que facilite a súa realización.

**Cuarto.-** A FUVI é unha entidade privada sen fins de lucro, creada en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión de 21 de xullo de 1997, e que nace con vontade expresa de complementar e impulsar as actuacións desenvolvidas pola UVIGO para o mellor cumprimento dos seus fins.

De acordo cos Estatutos da FUVI, Artigo 2, Denominación e Natureza: “A FUVI ten a condición de medio propio e servizo técnico da Universidade de Vigo. Poderánselle encargar encomendas que teñan relación cos seus fins fundacionais”, e “As encomendas de xestión serán de execución obrigatoria para a FUVI e levarán aparellada a potestade para o órgano que confire o encargo de ditar instrucións necesarias para a súa execución”.

En particular, o Artigo 7 punto a) dos Estatutos, recolle como fin propio da FUVI “Prestar os servizos que sexan necesarios para que a Universidade de Vigo realice as súas funcións básicas e non supoñan o exercicio de función de autoridade”.

A FUVI, no seu artigo 7 recolle así mesmo os seguintes fins: promover, apoiar e facilitar a actividade emprendedora da Universidade de Vigo, a través dos servizos que considere oportuno crear, así como actuacións de fomento do emprego do estudiantado universitario; e promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade de Vigo no seu entorno económico, social e cultural.

A FUVI ven desenvolvendo a xestión das prácticas académicas extracurriculares durante os últimos exercicios, con persoal técnico con capacidade e experiencia na materia e na relación coas empresas e entidades da contorna próxima.

Así mesmo, entre os programas recollidos no Plan de Actuación anual realizado pola FUVI está especificamente o “Programa de emprego e emprendemento. Subprograma de xestión de prácticas académicas extracurriculares”.

Por todo elo, ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e restante normativa de aplicación no referente aos encargos de xestión a medios propios, realízase o presente encargo, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeira. Obxecto.-** A UVIGO encarga á FUVI na súa condición de medio propio, a coordinación, desenvolvemento e xestión administrativa das prácticas académicas

externas extracurriculares do alumnado da Universidade de Vigo, de acordo coas normas establecidas no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo aprobado en Consello de Goberno de 24 de maio de 2012 e calquera outra norma e instrución que se dite a tal efecto.

**Segunda. Alcance da encomenda de xestión.-** As funcións obxecto da encomenda establecida na cláusula primeira concrétanse na execución por parte da FUVI das seguintes actividades:

1. Asesoramento e información a empresas e institucións.
2. Xestión administrativa da sinatura de Convenios de Cooperación Educativa para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares, de acordo co modelo estándar aprobado pola Universidade de Vigo.
3. Difusión e coordinación das convocatorias de prácticas.
4. Supervisión e seguimento no cumprimento dos requisitos establecidos na normativa aprobada pola UVIGO por parte dos/as candidatos/as.
5. Formalización da práctica do/a estudante seleccionado.
6. Coordinación cos titores académicos e titores da empresa.
7. Xestión da documentación correspondente.
8. Control e seguimento da práctica en materia de seguros, de cumprimento de requisitos e todos aqueles contemplados na normativa vixente.
9. Realización de memorias da actividade e de informes requiridos pola UVIGO.
10. O servizo prestarase para os tres campus da Universidade de Vigo.
11. O número estimado de alumnos e convenios xestionados é o seguinte:
  - a. Estímase en 1000 o número de alumnos/as que anualmente realizarán prácticas extracurriculares.
  - b. Estímase en 250 o número de convenios de cooperación educativa xestionados con empresas e entidades.

O presente encargo de xestión non supón cesión da titularidade das competencias da UVIGO, nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico den soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto do encargo.

**Terceira. Prezo.-** A FUVI recibirá como aportación da UVIGO pola execución das actividades descritas na cláusula segunda a cantidade máxima de 146.000 €/anuais, de acordo coas tarifas establecidas e o número máximo de horas estimadas que se recollen no seguinte cadro:

	Nº horas	Custe hora
Horas estimadas 2019	6334	23,05 €

Esta cantidade está xustificada polo traballo a tempo completo de 3 técnicas da FUVI con dedicación exclusiva (2 no campus de Vigo e 1 no campus de Ourense), e 3 técnicas de apoio a xornada parcial; gastos de local e subministros, material de actividades e subscricións, e outros gastos xerais necesarios para o cumprimento da actividade obxecto do encargo.

Incorpórase ao expediente o informe da Xerencia, e o informe de capacidade técnica da Fundación Uvigo e a aprobación de tarifas correspondente.

## **Cuarta. Condicións na execución do encargo.-**

A execución do encargo levarase de acordo coas instrucións que se ditén pola UVIGO, e serán coordinadas entre a fundación e o/a vicerreitoría con competencias na materia da UVIGO.

A UVIGO facilitará á FUVI un local no campus de Ourense para a realización do encargo; e información que se precise para a execución das tarefas obxecto da encomenda. Así mesmo, facilitará o software e os accesos a webs ou programas informáticos necesarios.

A FUVI poderá utilizar as marcas propiedade da UVIGO nos diferentes soportes e medios a efectos do cumprimento da encomenda de xestión.

A FUVI non poderá contratar con terceiros a execución dunha parte da actividade encomendada cando o seu importe supere o 50% do total da prestación.

## **Quinta. Consignación orzamentaria, xustificación e pagamento.-**

Os gastos derivados da xestión do presente encargo indicados na cláusula terceira, correrán a cargo dos orzamentos da UVIGO, na Aplicación orzamentaria 0000 421S 22799.

Incorpórase ao expediente da presente encomenda o oportuno documento de existencia de crédito para atender o gasto que se propón con cargo á anualidade do exercicio 2019.

O pagamento realizarase trimestralmente previa entrega á UVIGO por parte da FUVI da correspondente memoria de actividades realizada. Farase efectivo mediante transferencia bancaria á seguinte conta da que a FUVI é titular: Banco Santander, nº 0049-6141-98-2510007984.



**Sexta. Ámbito temporal.-** O presente encargo de xestión iníciase o 1 de xaneiro de 2019 e terá un prazo de duración de 1 ano, estendéndose ata o 31 de decembro de 2019. O encargo poderá ser obxecto de prórroga ou modificación, si así o comunica expresamente a Universidade de Vigo antes do seu vencemento.



**Sétima. Protección de Datos de Carácter Persoal.** De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos, as partes declaran que os datos que mutuamente se proporcionen como consecuencia desta relación serán incorporados en ficheiros de computador e/ou manuais cuxo único propósito é comprobar o bo desempeño das obrigas e dereitos derivados da presente relación xurídica, e que os autores dos arquivos son os asinantes do presente contrato, en cuxas sedes, no Campus de Vigo en ámbolos dous casos, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos.

# Universidade de Vigo

Neste ámbito as partes remítense ao “Acordo de confidencialidade e encargo de tratamento”, asinado entre UVIGO e FUVI de data 26 de novembro de 2019.

Polo órgano que realiza o encargo:



D. Manuel Joaquín Reigosa Roger  
Reitor Universidade de Vigo

Recibido o encargo:



Dña. Josefa Casal Martínez  
Directora Fundación Universidade de Vigo  
(P.A., Acordo do Padroado de data 16 de xullo de 2018)